



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B xaneiro – marzo 2018

Onde houbo lume, de Marica Campo



Na noite de vodas, Amelia é abandonada polo seu home nun hotel de París, cun camisón por todo equipaxe. Ninguén entende por que ela non quere anular o matrimonio... Moitos anos despois, unha novelista obsesionase coa historia de Amelia e decide escribila, convencida de que naqueles feitos do pasado está a clave que lle permitirá entender a súa propia traxectoria sentimental.

Entrega: 10 xaneiro

Comentario: 24 xaneiro

La liebre con ojos de ámbar, de Edmund de Waal



Máis de dúascentas figuritas de madeira e marfil, ningunha delas maior que unha caixa de mistos, son a orixe deste fascinante libro no que Edmund de Waal describe a viaxe que fixeron ao longo dos anos. Unha viaxe chea de aventuras, de guerra, de amor e de perda, que resume, na historia dunha familia, a historia de Europa nos séculos XIX e XX.

Entrega: 24 xaneiro

Comentario: 7 febreiro

Bartleby y compañía, de Enrique Vila-Matas



Un libro crave para entender a obra de Enrique Vila-Matas. O narrador é un rastreador de *bartlebys*, eses seres que se negan a escribir, levados pola pulsión negativa e inspirados no famoso oficinista do relato de Herman Melville que, ante calquera requirimento, responde sempre dicindo: «Preferiría non facelo».

Entrega: 7 febreiro

Comentario: 21 febreiro

Patria, de Fernando Aramburu



O día en que ETA anuncia o abandono das armas, Bittori diríxese ao cemiterio para contarlle á tumba do seu marido o Txato, asasinado polos terroristas, que decidiu volver á casa onde viviron. Poderá convivir con quen a acosou antes e despois do atentado que trastornou a súa vida e a da súa familia? Poderá saber quen foi o encapuchado que un día chuvioso matou o seu marido, cando volvía da súa empresa de transportes?

Entrega: 21 febreiro

Comentario: 7 marzo

Novecento, de Alessandro Baricco



Nos anos de entreguerras, un transatlántico, o *Virginian*, percorría as rutas entre Europa e América, coa súa carga de millónarios, de turistas, de emigrantes... No *Virginian* tocaba cada noite un pianista extraordinario, chamado Novecento, cunha técnica marabillosa, capaz de arrincar notas máxicas, inauditas. Díciase que o melancólico pianista nacera no barco, do que xamais descendería.

Entrega: 7 marzo

Comentario: 21 marzo

Abril encantado, de Elizabeth Von Arnim



Un lugar encantador onde acudirán catro mulleres inglesas, fartas e aburridas, escapando da rutina. Alí, na primavera e en pleno Mediterráneo, conversan, viven e descubren os mellores matices da súa sensibilidade, oculta pola monotonía cotiá. E todo empezará a cambiar, quizá para sempre. Esta comedia de Elizabeth von Arnim brinda tanto pracer e fascinación hoxe como entón.

Entrega: 21 marzo

Comentario: 4 abril